

Mes Europeo da Ciberseguridade e III Encontro CIBER.gal

Desde o ano 2012, a Unión Europea vén celebrando o [Mes Europeo da Ciberseguridade](#) co fin de promover unha contorna dixital segura a todos os niveis. Esta edición está centrada na concienciación sobre a **enxeñería social**.

- O Incibe define a enxeñería social como unha **técnica** que empregan os ciberdelinquentes para gañarse a **confianza** do usuario e conseguir así que faga algo baixo a súa manipulación e engano, como pode ser executar un programa malicioso, facilitar as súas claves privadas ou comprar en sitios web fraudulentos.
- É importante saber que hai **defensas efectivas** contra estas técnicas de enxeñería social, sendo a principal a **concienciación**: coñecer como nos tentan atacar proporciona as claves para recoñecer os enganos e evitar caer neles. Dispón de información adicional sobre este e outros temas relativos á ciberseguridade no portal [ciberseguridadegalicia.gal](#)



- Compartindo obxectivo co Mes Europeo da Ciberseguridade, a Xunta de Galicia, a través do nodo CIBER.gal, celebrará o **III Encontro Galego de Ciberseguridade** os próximos días 2 e 3 de novembro na Cidade da Cultura; xa está aberta a inscrición, que é gratuíta tanto se se quere seguir *online* como para asistir de xeito presencial. Haberá sorteos entre a audiencia que se achegue á Cidade da Cultura.
- O Encontro está enfocado ás actividades destinadas a toda a sociedade galega: profesionais do tecido empresarial, estudantes especializados, menores, Administración Pública... e nesta edición destacan relatores tan populares como **Chema Alonso** ou **Esther Estévez**.
- Pode inscribirse e consultar toda a información relativa ao **III Encontro Galego de Ciberseguridade** [nesta ligazón](#).



AXENCIA PARA A
MODERNIZACIÓN
TECNOLÓXICA DE GALICIA



CIBER
SEGURIDADE
GALICIA



Financiado pola
Unión Europea
NextGenerationEU



Fondos Europeos